

**Acta da sesión extraordinaria de urxencia da Xunta de Goberno
correspondente ao día 1 de abril de 2020**

Na data do un de abril do ano dous mil vinte, ás dez horas e cinco minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión extraordinaria de urxencia en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Luz Doporto Real

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, previa ratificación, por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno, do carácter urxente da presente sesión polos motivos indicados no decreto de convocatoria, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de marzo de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA ATENDER PROBLEMÁTICAS SOCIAIS RELACIONADAS COA PANDEMIA DO COVID 19.

A excepcional situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia do COVID-19 na nosa sociedade está a producir crecentes prexuízos e situacións de risco nas persoas socialmente máis vulnerables, que precisan por isto dunha resposta rápida e axeitada das institucións en forma de medidas paliativas deste efectos negativos.

Neste senso, e dende a perspectiva das competencias da Deputación Provincial de Ourense, considérase especialmente necesaria a colaboración coas entidades privadas sen ánimo de lucro dedicadas á asistencia social na nosa provincia. Estas entidades están directamente en contacto coas persoas afectadas e dispoñen xa de redes de atención ás persoas especialmente vulnerables, así como de mecanismos áxiles de resposta dinámica fronte ás demandas de asistencia social que se van presentando.

A Deputación Provincial mantén dende hai anos unha convocatoria de subvencións mediante concorrencia competitiva para entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais, prevista no apartado D.5 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2020 – 2023 (BOP de 19.02.2020). En concreto, e para o exercicio 2020, prevese unha partida de 300.000 euros para esta finalidade, na aplicación 23111 / 48000 dos orzamentos xerais da Deputación Provincial. De feito, no momento en que o Goberno da Nación procedeu á declaración do estado de alarma, a través do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, estaba xa elaborada a proposta da Área de Benestar das bases reguladoras para o exercicio de 2020, tramitada a través do expediente electrónico 2020/ 2638J, e pendente unicamente de ser sometida a fiscalización previa de Intervención para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno.

Ante a evolución dos acontecementos, xa nos días previos á declaración do estado de alarma, e dende logo a partir desta declaración, considerouse, a partir dun informe da Área de Benestar que foi obxecto de estudo na Comisión de Seguimento do COVID 19 no Sector Público Provincial de 23 de marzo de 2020, a necesidade de paralizar este expediente para proceder a unha reformulación do programa de subvencións a entidades que prestan servizos sociais, nun dobre sentido:

a) Dende o punto de vista formal ou de procedemento, considerouse que o procedemento de concorrencia competitiva non resulta acaído para o cumprimento da

finalidade pretendida, dado que este procedemento – incluso realizándoo por vía de urxencia - esixiría unha tramitación mínima estimada en mes e medio ou dous meses, o que supón unha dilación inaceptable neste contexto de crise. Neste caso, considérase que está sobradamente xustificada o recurso á vía excepcional prevista no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como no artigo 19..4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que prevén que poderán concederse de forma directa as subvencións nas que se “acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, e outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”.

b) Dende o punto de vista material, considerouse ademais que as actividades subvencionables deberían redefinirse, no senso de conceder as axudas unicamente para actividades de asistencia social relacionadas coa crise sanitaria do COVID 19, excluindo en cambio actividades de asistencia social ordinaria que historicamente viñan sendo subvencionadas por esta Deputación pero que, no momento actual, ou ben non son executables (como consecuencia das medidas de confinamento social implantadas durante o estado de alarma) ou ben teñen un carácter secundario fronte ás accións urxentes esixidas polas circunstancias provocadas pola pandemia. Igualmente, considerouse a necesidade de flexibilizar o réxime de pagamento das subvencións, posibilitando o seu pago anticipado, con fin de garantir a liquidez necesaria ás entidades beneficiarias, e sen prexuízo da posterior xustificación do destino dado aos fondos públicos recibidos.

A este respecto, cabe sinalar que as previsións do Plan Estratéxico non son vinculantes, no senso de que o órgano xestor das subvencións (neste suposto, a Xunta de Goberno) pode apartarse de xeito motivado das ditas previsións, como é o caso.

Partindo destas premisas, dende a Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense realizouse unha rolda de consultas con estas entidades, co fin de coñecer de primeira man a súas necesidades, procedéndose á iniciación nun novo expediente para a tramitación destas subvencións directas (expediente nº 2020/4268X) elaborándose un borrador de bases reguladoras dende a Área de Benestar e a Secretaría Xeral, que foi sometido a coñecemento da Comisión de Seguimento do COVID 19 na sesión de 30 de marzo de 2020, obtendo a súa conformidade.

Os criterios seguidos na regulación contida nestas bases son os seguintes:

a) Defínense como servizos susceptibles de subvención todos aqueles servizos de asistencia social destinados a persoas especialmente vulnerables que resulten necesarios como

consecuencia da crise sanitaria do COVID – 19, entendendo por persoas especialmente vulnerables non só ás persoas en risco de exclusión social, conforme á normativa reguladora dos servizos sociais, senón tamén a persoas que padezan patoloxías que os fagan especialmente vulnerables fronte ao COVID – 19 ou persoas maiores ou dependentes que vivan soas.

b) As entidades beneficiarias determináronse entre as entidades que percibiron subvención a través do concurso de axudas para servizos sociais dos derradeiros tres exercicios, seleccionándose aquelas das que se ten coñecemento de que están a prestar os servizos definidos no apartado a), cun total de dezaioito entidades. En tódolos casos trátase de entidades arraigadas na provincia de Ourense, cunha probada eficacia na execución de proxectos de servizos sociais.

c) As contías das subvencións determináronse asignando a cada entidade unha contía ponderada de modo aproximado en función do importe das subvencións que viñan percibindo en exercicios anteriores, procurando a aplicación dun criterio de equidade.

d) O procedemento de concesión simplifícase ao máximo, tentando axilizar a tramitación mediante o emprego dun formulario normalizado de solicitude da subvención e delegando na Presidencia o exercicio da competencia de concesión das axudas.

e) Igualmente, axilízase a posta a disposición das entidades beneficiarias do 80 % do importe das subvencións concedidas, mediante un anticipo a conta que se fará efectivo antes do 1 de maio de 2020.

Polo exposto, previa audiencia da Comisión de Seguimento do COVID 19 e previa fiscalización favorable da Intervención provincial, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións directas a entidades sen ánimo de lucro para atender problemáticas sociais relacionadas coa pandemia do COVID 19, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto e finalidade.

1. O obxecto destas bases reguladoras é regular a concesión directa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia de Ourense para financiar gastos de prestación de servizos sociais que teñan por finalidade facer fronte ás necesidades de persoas especialmente vulnerables ocasionadas pola pandemia do COVID 19.

Para os efectos das presentes bases, entenderase que son persoas especialmente vulnerables ao COVID – 19 as seguintes:

a) Persoas en risco de exclusión social, conforme se definen na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

b) Persoas que, aínda non atopándose en risco de exclusión social, padezan patoloxías que os fagan particularmente vulnerables ao COVID – 19, como persoas inmunodeprimidas, enfermos de cancro, diabetes ou patoloxías respiratorias, entre outras.

c) Persoas maiores de sesenta e cinco anos ou dependentes.

2. Ao abeiro das presentes bases, serán subvencionables os gastos de prestación de servizos de asistencia social seguintes:

a) Asistencia no fogar a persoas especialmente vulnerables ao COVID – 19. Inclúese a prestación de todo tipo de servizos asistenciais, tales como servizos de carácter médico, terapéutico, psicolóxico, educativo, ou de asesoramento, e tanto se se prestan de forma presencial como por vía telefónica ou telemática.

b) Servizos a domicilio de subministración de alimentos, bebidas, medicinas ou outros bens de primeira necesidade a persoas especialmente vulnerable ao COVID – 19.

c) Asistencia social a persoas especialmente vulnerables ao COVID – 19 a través de casas de acollida ou servizos análogos.

d) Calquera outro tipo de prestación a persoas especialmente vulnerables ao COVID – 19 que resulte obxectivamente necesaria para paliar os efectos negativos da pandemia para este tipo de persoas.

Segunda.- Procedemento de concesión. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións.

As subvencións previstas nas presentes bases concederanse de forma directa, de acordo co previsto no anexo I, conforme ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención e 19.4 c) da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por concorrer razóns de interese público e social, económico e humanitaria que dificultan a súa convocatoria pública.

A concesión das subvencións realizarase, en cada caso, mediante resolución da Presidencia da Deputación de Ourense, por delegación da Xunta de Goberno.

A concesión desta subvención será compatible con calquera outra axuda ou subvención outorgada por calquera outra administración pública ou entidade privada para a

mesma finalidade, sempre que a suma das diferentes subvencións obtidas non exceda do 100 % do importe do gasto subvencionable. No caso contrario, a subvención reducirase proporcionalmente, na contía necesaria para cumprir o límite indicado. A redución practicarase no trámite de concesión ou no de xustificación, en función do momento no que se teña constancia do importe total das axudas concedidas.

Terceira. Beneficiarias e contía das subvención.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades relacionadas no anexo I, polas contías que se reflicten no dito anexo.

Cuarta. Procedemento de concesión directa das subvencións.

1. Para obter a condición de beneficiaria destas axudas, as entidades do anexo I deberán presentar de forma telemática unicamente o modelo normalizado de solicitude. Este modelo normalizado ou formulario estará dispoñible na seguinte dirección electrónica: <http://www.quedatenacasa.com/entidadesCOVID19>

O formulario incluirá os datos de identificación da entidade solicitante, a descrición das actividades a realizar, o orzamento estimado das ditas actividades, a declaración das axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para esa finalidade e unha declaración responsable de cumprimento dos requisitos legais para a obtención de subvencións.

O formulario será asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación da entidade subvencionada, ou ben mediante selo de órgano da persoa xurídica, e presentarse no rexistro electrónico da Deputación no prazo máximo de dez días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

Sen prexuízo do anterior, e co fin de facilitar ás entidades beneficiarias a elaboración das súas solicitudes, as presentes bases serán publicadas na sede electrónica da Deputación e notificadas individualmente de forma electrónica a cada unha delas.

2. A Presidencia poderá conceder un prazo excepcional de emenda das solicitudes de cinco días hábiles para a corrección de deficiencias, mediante notificación electrónica á entidade interesada.

3. A Presidencia concederá ás subvencións no prazo máximo de tres días hábiles dende a presentación do formulario debidamente cuberto e asinado.

Non obstante o anterior, procederá a denegación da solicitude mediante resolución motivada da Presidencia naqueles supostos nos que do formulario presentado se deduza que os servizos proxectados non reúnen os requisitos establecidos nas presentes bases para seren

susceptibles de subvención.

4. Nos supostos en que o orzamento presentado no formulario sexa inferior á contía prevista no anexo I, a subvención reducirase ata acadar o 100 % do orzamento. Igual regra será de aplicación cando do formulario presentado se deduza a existencia doutras axudas ou subvencións que, sumadas á prevista nas presentes bases, determinen un exceso sobre o orzamento previsto.

5. A non presentación da solicitude en prazo determinará a perda automática da subvención prevista.

6. Nos supostos de denegación ou redución da subvención previstos nos apartados 3, 4 e 5 precedentes, o importe da subvención perdida será redistribuído entre o resto de entidades beneficiarias en proporción ás contías inicialmente previstas, e sempre dentro do límite do 100 % dos orzamentos presentados e con respecto ás regras de compatibilidade con outras axudas ou subvencións.

7. Nos supostos nos que na execución das actividades subvencionadas se produzan desviacións con respecto ao programa de actividades descritos na solicitudes, as entidades beneficiarias deberán comunicar previamente á Deputación o contido das ditas modificacións, para a súa autorización, que se concederá sempre que as novas actuacións queden comprendidas en todo caso no obxecto xeral das subvencións establecido na base primeira.

Quinta. Xustificación e pagamento.

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de maio, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 80 % do importe total de subvención prevista . O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

O prazo de presentación da xustificación rematará o 30 de novembro de 2020.

O pagamento a xustificar realízase ao abeiro do disposto nos artigos 34.4 da Lei xeral de subvencións, 88.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións e 31.6 da Lei de subvencións de Galicia, sendo requisito do mesmo que a entidade beneficiaria cumpra co disposto nos ditos preceptos, o que se entenderá acreditado coa presentación da declaración responsable incluída no formulario de solicitude, conforme ao disposto no apartado 7.i) do artigo 31.7 da Lei de subvencións de Galicia.

Conforme ao anterior, e con carácter excepcional, non se esixirá a constitución de garantía dos pagos anticipados nesta convocatoria.

2. Xustificación e pago final.

A xustificación final da subvención realizarase da forma seguinte:

As entidades beneficiarias cumprimentarán a certificación de gastos e a memoria no formulario tipificado pola Deputación de Ourense, no que se incluírá a declaración responsable de cumprir os requisitos legais para a obtención de subvencións e a declaración doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma finalidade.

A certificación de gastos e a memoria económica deberá estar firmada polo responsable da entidade e será presentada no rexistro electrónico da Deputación de Ourense ata o día 30 de novembro de 2020.

A xustificación do programa incluírá soamente os gastos efectuados ata a data de finalización da xustificación (30 de novembro de 2020).

Sexta.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións.

Sétima.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento, conforme se sinala no apartado j) desta base.

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparse a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Oitava.- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios nas presentes bases, as actuacións de prestación de servizos sociais que constitúen o obxecto das subvencións quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2020 e 2021. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e económica, incluíndo a achega de libros contables, facturas, xustificantes de pagamentos e calquera outra documentación acreditativa da realidade económica dos gastos subvencionados. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades socias beneficiarias poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

2º) Ordenar a publicación das presentes bases no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, así como a súa notificación ás entidades do anexo I.

Anexo I

Entidades beneficiarias das axudas e contías.

CIF	ENTIDADE	Contía da Axuda Entidades Sociais COVID-19
G24452435	FUNDACIÓN JUANSONADOR	10000
G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO OURENSE	15000
G28256667	SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL DE ESPAÑA	12500
G28767317	FUNDACIÓN RENAL ÍÑIGO ALVAREZ DE TOLEDO	7500
G32011041	ALCER OURENSE	7500
G32014334	ASOCIACIÓN DE VIUDAS MARÍA ANDREA	5000
G32015463	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE OURENSE	7500
G32106429	ATOX	10000
G32122376	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL " O VISO"	20000
G32122384	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS	7500
G32198970	ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS DE ALZHEIMER OURENSE. AFAOR	12500
G32223182	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE	25000
G32290546	ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA	5000
G32338725	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN E COLITE ULCEROSA	5000
G32394082	ASOCIACIÓN REDMADRE OURENSE	12500
G84913946	FUNDACIÓN DE SOLIDARIEDADE AMARANTA	12500
Q2866001G	CRUZ VERMELLA OURENSE	25000
R3200098F	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	25000

3.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BEARIZ PARA ADQUISICIÓN DE INMOBLE PARA SERVICIOS MUNICIPAIS.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de

20.000,00 euros a favor do Concello de Beariz, para adquisición de inmovible para servizos municipais.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención ao Concello de Beariz nos seguintes termos:

- **Importe:** 20.000,00 euros.

- **Obxecto:** adquisición de inmovible para servizos municipais.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, (20.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como

xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- **Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manfeste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou

de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e vinte minutos, do referenciado día un de abril do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.